

# CONTRATO ELECTRÓNICO REGULADOR DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS SOLICITANTES DE PRAZA NOS PROGRAMAS FORMATIVOS NON SUBVENCIONADOS ORGANIZADOS POLA FORGA

## Dumha banda:

**A persoa interesada**, maior de idade, cuxos datos persoais, académicos e identificativos se rexistrarán na base denominada FORGA das plataformas [www.forga.gal](http://www.forga.gal). En adiante **O/A SOLICITANTE DE PRAZA**.

## Da outra:

**A Fundación pra Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o Emprego e Formación en Galiza (forGA)**, con CIF G36818367 e con enderezo social Polígono Industrial Novo Milladoiro Rúa Palmeiras 21A 15895 do concello de Ames correo-e: [forga@forga.gal](mailto:forga@forga.gal). Telefone: 981 93 94 34. En adiante **A PRESTADORA DO SERVIZO**.

Ambas partes, reconhecéndose capacidade legal suficiente, **ACORDAN** subscribir este **CONTRATO REGULADOR**, ao abeiro das seguintes,

## ESTIPULACIÓNS:

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO:

O obxecto do presente contrato consiste en regular os dereitos e obrigas dos solicitantes de praza en calquera dos cursos e/ou accións dos programas formativos non subvencionados, postos en marcha pola forGA.

### SEGUNDA.- DATA DE INICIO E DURACIÓN DO CONTRATO:

A relación contractual entre o/a solicitante de praza e a titular da plataforma [www.forga.gal](http://www.forga.gal), nace dende o momento no que o/a primeiro/a procede a asinar este contrato, electronicamente, rexistrándose e dándose de alta en liña no sistema web, ou dende o momento no que o/a primeiro/a procede a asinar a ficha contractual de solicitude de praza, en papel, nalgumha das Delegacións e/ou Centros Territoriais da forGA.

A persoa interesada, unha vez subscrito este contrato, acepta o cumprimento da totalidade das súas estipulacións e ten dereito a obter unha copia do mesmo.

O contrato ten un período de duración de **TRES (3) MESES NATURAIS**, a partires da data na que o/a interesado/a o asina; prorrogándose, automaticamente, por períodos temporais iguais ao inicial, de non mediar denuncia escrita dalgunha das partes, con 15 días de antelación ao seu vencimento.

### TERCEIRA.- DEREITOS E OBRIGAS XERAIS DEDUCIDOS DO CONTRATO:

#### I.- A solicitude de praza

O/A interesado/a en participar nalgún dos cursos do Programa formativo non subvencionado da forGA, debe formular solicitude de praza na acción publicada que lle interese, por medio da cumprimentación da ficha disposta a tal efecto, ben electronicamente na web, ben en papel en calquera Delegación e/ou Centro Territorial da forGA.

A sinatura da ficha de solicitude ou do contrato electrónico confiren á fundación e ao seu persoal habilitado poder suficiente pra dar de alta nos rexistros da plataforma [www.forga.gal](http://www.forga.gal) os datos de carácter persoal, profesional e académico que o solicitante subministre á entidade por medio de tais documentos.

Tras a solicitude de praza o interesado/a recibirá, no correo electrónico consignado na súa demanda, o acuse de recibo da forGA relativo á solicitude realizada.

#### II.- Dereitos e obrigas derivados da solicitude de praza:

O/A solicitante de praza, nalgún dos cursos do programa formativo non subvencionado da forGA, tras asinar este contrato, adquire o compromiso de cumprir, de boa fé e

diligentemente, con todas as obrigas derivadas do mesmo. En especial, obrígase a ter permanentemente actualizados os seus datos persoais, profesionais, académicos, así como as cotas de afiliación á central sindical.

O/A solicitante de praza, nalgún dos cursos do programa formativo non subvencionado da forGA, ten dereito a ser chamado pra recibir a formación requirida nos seguintes termos:

#### a. Formación presencial:

Cando a forGA dispoña, como mínimo, de 15 solicitudes confirmadas, que desexen desenvolver unha acción formativa, na mesma localidade.

#### b. Formación a distancia e teleformación:

Cando a forGA dispoña de solicitudes suficientes pra impartir o curso requirido, con criterios de viabilidade económica e cualidade pedagóxica.

Os chamamentos pra participar en cursos faranse por orde de antigüidade na demanda de solicitude de praza.

A non selección pra participar nun curso/convocatoria do programa formativo non subvencionado da forGA, por calquera causa admisíbel en dereito, disposta polas normas do programa e/ou da entidade organizadora, non xerará nengumha responsabilidade pra entidade ou pra terceiros, nen dereito de resarcimento e/ou compensación pro solicitante de praza; ficando este coa súa demanda activa pra novas convocatorias.

O rexeitamento, polo/a solicitante, a participar na acción formativa pra que solicitou praza será causa de exclusión da demanda presentada, nesa acción formativa.

A falta de comunicación ou non actualización dalgún dato persoal, profesional, académico ou o impagamento das cotas sindicais, no caso de afiliados/as da CIG, exime completamente á prestadora do servizo (forGA) e as entidades por ela subcontratadas de responsabilidade algunha, en relación cas consecuencias dese incumprimento pra viabilidade dos servizos pactados.

A duración e vixencia do programa formativo non subvencionado da forGA será a que en cada momento se determine, en función da rendibilidade e viabilidade do proxecto. Cancelado e/ou suspendido o programa formativo non subvencionado, a forGA ficará autorizada a extinguir, suspender e/ou modificar (excluir ou incluír), tanto as solicitudes de praza formuladas, como as propias accións publicadas no programa formativo non subvencionado. En consecuencia, a forGA terá dereito a dar a baixa da/s solicitude/s de praza, por cancelación e/ou suspensión do programa, ou a mantelas de alta,

transferindo tais demandas de praza ao mesmo ou a outros programas formativos homologábeis. Os/as solicitantes de praza terán dereito a manter a súa solicitude, mentres estea vixente o programa formativo non subvencionado e non sexan seleccionados pra participar na acción formativa elixida; extinguíndose tal dereito ao ficaren seleccionados/as.

### CUARTA.- MECÁNICA DE FUNCIONAMENTO DAS CONVOCATORIAS DO PROGRAMA FORMATIVO NON SUBVENCIONADO DA FORGA

A decisión de inicio de cursos corresponde a forGA, de acordo coa planificación da execución aprobada pola súa Equipa de Dirección.

As estruturas de xestión da forGA, consonte co procedemento interno, actuarán do seguinte xeito:

#### a. Formación presencial:

1º.- A Área de Planificación da Execución da forGA realizará un primeiro chamamento-sondaxe a todos os solicitantes, co obxecto de confirmar a vixencia e o interese de, polo menos, 15 solicitudes de praza, pra acción formativa de que se trate, na mesma localidade.

2º.- No caso de que, tras iso sondaxe non se conte co número de solicitudes mínimo, a Área de Planificación da Execución actuará en base co establecido no Procedemento pra xestión da formación non subvencionada.

3º.- Confirmada a vixencia de 15 solicitudes de praza, numha determinada acción formativa e localidade, enviarase aos 15 solicitantes da acción formativa que contén con maior antigüidade na súa demanda de praza, un correo electrónico coas condicións pra formalizaren a matrícula no curso escollido.

4º.- O prezo da acción formativa deberá ser pagado polo solicitante da praza nos 5 días posteriores á recibir o correo electrónico de confirmación do inicio do curso, ben ingresando/trasferindo o prezo total á conta bancaria que se dispoña, ben efectuando o pagamento por medio de tarxeta de creto e/ou débito, ben acolléndose ao sistema de pagamento fraccionado, no caso de existir.

5º.- O día de inicio o Delegado/a Territorial ou de Centro da forGA comparecerá nas instalacións nas que se vaia desenvolver a acción formativa e solicitará aos participantes os seguintes documentos:

- ✓ Certificado da CIG de estar ao corrente de pagamento na afiliación sindical.
- ✓ Xustificantes bancarios, aos solicitantes que pagasen o prezo da acción formativa por transferencia bancaria.
- ✓ Subscrición do contrato de prestación de servizos, entregándolhes, tras a sinatura,

umha copia do contrato e, xunto con ela, umha copia da factura do pagamento efectuado.

✓ Copia do D.I. e do Cartón da Seguridade Social.

✓ Os/as solicitantes que non entreguen o xustificante de ter aboado o prezo da acción formativa, non poderán participar na mesma, sendo informados da súa exclusión polo Delegado/a Territorial ou de Centro da forGA.

6º.- Ademais, o día de inicio do curso o/a Delegado/a Territorial ou de Centro da forGA informará a todos os alumnos/as dos seus dereitos e obrigas e do procedemento de xestión de accidentes da forGA.

7º.- O último día do curso o Delegado/a Territorial ou de Centro da forGA deberá comparecer, de novo, nas instalacións nas que se desenvolva a acción formativa con varios propósitos: dar curso a trámites pendentes, facer varias fotos do curso pra páxina web da forGA, informar da data aproximada de envío ou recollida polos alumnos/as do diploma, recoller suxestións e propostas dos alumnos/as e despedir a acción formativa.

#### b. Formación a distancia e teleformación:

A forGA disporá os medios precisos pra que a tramitación e xestión da solicitude de praza, así como a matriculación, organización e execución da acción formativa elixida polo/a alumno/a se realicen electronicamente pola web.

#### QUINTA.- BOLSAS, AXUDAS E DESCONTOS DO PROGRAMA FORMATIVO NON SUBVENCIONADO DA FORGA

En cada convocatoria que se publique a Equipa de Dirección da forGA actualizará, modificará ou cancelará a oferta de bolsas, axudas e descontos pra participantes no Programa formativo non subvencionado, publicando os cambios no apartado correspondente da plataforma: [www.forga.gal](http://www.forga.gal).

#### SEXTA.- PREZO DOS SERVIZOS NO CASO DE SER CHAMADO/A PRA RECIBIR UN CURSO OU ACCIÓN FORMATIVA:

A tramitación e xestión da solicitude de praza no programa formativo non subvencionado da forGA, regulada por este contrato, é gratuíta.

As persoas que soliciten praza pra participar na/s acción/s formativas do Programa non subvencionado, non ficarán obrigados/as ao pagamento de custe algún, mentres non se confirme, pola forGA, a execución das accións formativas demandadas e se preste aceptación expresa, polo/s solicitante/s, a meio da subscrición do correspondente contrato de prestación de servizos pra realización da acción en cuestión.

#### SÉTIMA.- DEREITO DE INFORMACIÓN SOBRE INSCRICIÓN, REXISTRO, TRATAMENTO E CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, A EFECTOS DO DISPOSTO NA LEI 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO:

O/A solicitante de praza no programa non subvencionado da forGA reconece, a meio da aceptación deste contrato, que fica informado/a de que todos os datos requiridos, nos distintos apartados da plataforma: [www.forga.gal](http://www.forga.gal), son precisos pra formalización da súa solicitude de participación nas accións formativas que lle interesen, así como pra obter

os beneficios derivados do resto dos servizos prestados por tais plataformas.

Igualmente, fica informado/a de que os datos persoais, profesionais, académicos e outros que subministre como consecuencia deste contrato, dirixidos a recibir servizos formativos presenciais, a distancia, de teleformación e outros servizos, serán rexistrados no ficheiro dado de alta na AEPD denominado FORGA, cuxa titular é a Fundación pra Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, o Emprego e Formación en Galiza (forGA).

O/A solicitante de praza no programa non subvencionado da forGA, autoriza a forGA ao tratamento dos seus datos, de acordo coas seguintes finalidades: organización, xestión e execución de actividades formativas e accesorias á formación; tramitación de solicitudes de praza en cursos de formación; selección de alumnos/as; comunicacións de todo tipo relacionadas coa formación, impartición e venda de cursos, así como envío de información e publicacións sobre accións formativas, laborais, económicas, sociais e sindicais.

O/A solicitante de praza no programa non subvencionado da forGA reconece, a meio da aceptación deste contrato, que fica informado/a dos seus dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación, respecto dos seus datos persoais de acordo ao previsto na Lei 15/1999 do 13 de decembro, podendo exercitalos por escrito ou por correo electrónico ([forga@forga.gal](mailto:forga@forga.gal)), achegando copia, física ou escaneada, do seu documento de identidade, e dirixindo os seus escritos ao/á:

FICHEIRO FORGA:

"Responsábel de Seguridade da forGA"

Avda. do Aeroporto 92, 1º andar.

36206. Vigo. (Galiza).

A solicitude de baixa na base de datos deberá ser cursada, en calquera momento ou no momento administrativamente posíbel (no caso dos alumnos/as), nas condicións especificadas no apartado anterior; aparelhando a cancelación dos rexistros da base FORGA de todos os datos de carácter persoal do solicitante de praza e o envío do certificado de cancelación así como implicando a extinción do dereito a ser beneficiario/a dos servizos contratados. Non se admitirán baixas parciais nalgún dos servizos pactados, dado o carácter indivisíbel da relación contractual.

O/A solicitante de praza no programa non subvencionado da forGA autoriza á forGA a tratar e ceder os datos facilitados por medio das plataformas [www.forga.gal](http://www.forga.gal),

ás entidades que se indican, cos

fins que tamén se sinalan e que se recollen nos correspondentes contratos pra cesión e tratamento de datos, subscritos con cada entidade e nos documentos de seguranza internos das cesionarias e cedentes:

• CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta desta, co obxecto de desenvolver o programa de información xurídico, laboral, económico e sindical pra solicitantes de praza e alumnos/as da forGA, así como co obxecto de xestionar e financiar certas accións formativas pra alumnos/as das ofertas subvencionadas, non subvencionadas e universitarias da forGA, tanto pola vía da

formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

• INTERFACE ON LINE, S.L. ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas pra solicitantes de praza e alumnos/as das ofertas subvencionadas, non subvencionadas e universitarias da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

• CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES (CIP) ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas pra solicitantes de praza e alumnos/as das ofertas subvencionadas, non subvencionadas e universitarias da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

• UNIVERSIDAD A DISTANCIA DE MADRID (UDIMA) ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta desta, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas pra solicitantes de praza e alumnos/as das ofertas subvencionadas, non subvencionadas e universitarias da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

• ÁS EMPRESAS SUBCONTRATADAS POLA FORGA ou a calquera outra persoa física ou xurídica que intervenha, con autorización por conta destas, co obxecto de xestionar e desenvolver certas accións formativas pra solicitantes de praza e alumnos/as das ofertas subvencionadas, non subvencionadas e universitarias da forGA, tanto pola vía da formación a distancia, da teleformación e/ou da formación presencial.

• Á XUNTA DE GALIZA, AO GOBERNO CENTRAL OU A CALQUEROUTA ADMINISTRACIÓN OU EMPRESA PÚBLICA GALEGA, ESPANHOLA OU EUROPEA competente e responsábel da regulación da acción formativa na que participe o alumno/a; autorizándoa, en aplicación do establecido na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, a comprobar a veracidade dos datos achegados.

#### OITAVA.- NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN Á RELACIÓN CONTRACTUAL. DEREITO Á RESCISIÓN DO CONTRATO:

Esta relación contractual réxese pola lexislación vixente en materia de servizos da información e comercio electrónico (Lei 34/2002 de 11 de Xulho), polo Código Civil e, no seu caso, polo Código de Comercio, así como pola Lei de Protección de datos de carácter persoal.

Calquera das dúas partes poderá rescindir este contrato, sen dereito a indemnización ou resarcimento algún, con só comunicalo por escrito a outra parte cumha antelación mínima de 15 días á data da extinción contractual decidida.

#### NOVENA.- SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS E XURISDICIÓN:

A solución das discrepancias que puidesen xurdir, como consecuencia do vigor deste contrato, sométese á xurisdición dos tribunais da cidade de Vigo; sendo preceptivo, antes da interposición de calquera acción procesual, o intento documentado de acordo e, posterior, reclamación previa ante a entidade forGA.

En Galiza, na data de alta na plataforma [www.forga.gal](http://www.forga.gal).

